



XUNTA DE GALICIA

**CONSELLERÍA DE
INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE**

**Axencia Galega de Infraestruturas
Servizo Provincial de Pontevedra**

Avda. Fernández Ladreda 43-1º
36003 Pontevedra

Tfno.: 886 20 65 08

Fax: 886 20 65 05



ANUNCIO DO 15 DE XANEIRO DE 2020, DO XEFE DO SERVIZO PROVINCIAL DA AXENCIA GALEGA DE INFRAESTRUTURAS EN PONTEVEDRA, POLO QUE SE SINALA A DATA PARA O PAGO DE DEPÓSITOS PREVIOS E FORMALIZACIÓN DAS ACTAS DE OCUPACIÓN DA OBRA PROXECTO DE ACTUALIZACIÓN DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DE REFORMA DA MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA PO-308 (P.Q. 12+400 AO 15+400), DE CLAVE PO/13/102.06.1, NO CONCELLO DE SANXENXO.

En cumprimento do disposto no artigo 49 do Regulamento de Expropiación Forzosa do 26 de Abril de 1957 e ao abeiro das competencias delegadas por Orde do 7 de setembro de 2017 (DOG núm. 179 do 20.9.2017), este servizo procederá a executar o pagamento dos depósitos previos mediante transferencia bancaria ás persoas propietarias das fincas cuxa relación figura exposta no taboleiro de anuncios do concello referido.

No caso de non ter presentado o certificado de titularidade da conta bancaria, cos códigos IBAN e BIC, e a copia do DNI, consignarase na Caixa Xeral de Depósitos conforme o disposto no artigo 51 do Decreto do 26 de abril de 1957 polo que se aproba o Regulamento de Expropiación Forzosa.

Así mesmo, en cumprimento do artigo 55 do Regulamento de Expropiación Forzosa convócase ás persoas propietarias ao acto de formalización das actas de ocupación no lugar, día e hora seguintes:

CONCELLO DE SANXENXO

Lugar: Casa Consistorial (Rúa Consistorio 4-6)

Data: 27 de febreiro de 2020, de 10:00 a 11:30 horas.

A relación de titulares estará exposta no concello de Sanxenxo, e no Servizo Provincial da Axencia Galega de Infraestruturas de Pontevedra (Avda. María Victoria Moreno 43-1º, 36003 Pontevedra), e publicárase no seguinte enlace da páxina web da consellería: https://infraestruturasmobildade.xunta.gal/avisos?p_p_id=ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_Ps5C&p_p_lifecycle=0&p_p_state=normal&p_p_col_id=column-1&p_p_col_count=1&ipecos_opencms_portlet_INSTANCE_Ps5C_content=%2Fopencms%2FPortal-Web%2FContidos%2FAviso%2FAviso_0148.html

No mesmo acto ofertarase ós propietarios as valoracións establecidas pola Administración para cada unha das fincas en concepto de mutuo acordo.

O que se fai público, para xeral coñecemento, advertindo as persoas interesadas que na acta figurarán os donos da cousa ou titulares do dereito expropiado, non admitíndose representación senón por medio de poder debidamente autorizado (notarial, xudicial ou do consulado), xa sexa xeral ou particular para este caso, debendo achegar a documentación necesaria para acreditar a sucesión en caso de figurar o terreo a nome de herdeiros; e que deberán identificarse co Documento Nacional de Identidade.

Documento asinado electronicamente

O xefe do Servizo

Manuel Ángel González Juanatey

